

# Ramón Conde, elegido 'Gallego del mes de diciembre' por EL CORREO

As redaccións do Grupo Correo Gallego distinguen a obra e a traxectoria do escultor ourensán, un dos artistas máis célebres con maior presenza nos espazos públicos galegos // O creador, que actualmente expón en Zaragoza, prepara a súa primeira colección de xoias de autor



Ramón Conde, Galego de decembro do Grupo Correo GallegoFOTO:

REDACCIÓN • SANTIAGO | [30.12.2007](#)

A-

A+

A obra de Ramón Conde -unha das máis recoñecidas da plástica galega contemporánea-, e a súa importante presenza nos espazos públicos galegos valéronlle ao escultor ourensán o recoñecemento como Gallego de Diciembre, un galardón outorgado por unanimidade das redaccións de EL CORREO GALLEGO, **Galicia Hoxe**, **Radio Obradoiro**, **Tierras de Santiago** e **Correo Televisión**.

Nado en Ourense o 18 de decembro de 1951, Conde realizou os seus estudos nesta cidade até que no 1965 se trasladou á Universidade Laboral de Xixón. No 1969 regresa a Ourense onde finaliza os seus estudos de bacharelato, ingresando no 1971 na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago.

No 1973 vive en Madrid frecuentando fundicións e obradoiros de diversos artistas. A partir do 1974 reside de novo en Ourense onde vai desenvolvendo as bases da súa actual linguaxe plástica.

No 1986 trasládase á Coruña onde vive até 1991 e ten o seu estudo no polígono de Sabón, en Arteixo. Nestes anos realiza as súas primeiras obras públicas e comeza a súa proxección internacional coa participación en exposicións en París.

Precisamente no 1991 inaugúrase na Gran Vía de Vigo o seu grupo escultórico dos *Redeiros*, un fito na paisaxe urbana da cidade pero tamén na proxección pública do seu traballo. Nese mesmo ano, desprázase a Estados Unidos, convidado polo Reitor da Universidade de Houston Downtown. Vive nesa cidade até 1992, ano no que regresa a España para realizar unha exposición no recinto feiral da Expo de Sevilla. Logo dunha estadía en Monterrey, México, instálase en Vigo durante seis anos, paso previo ao seu traslado a Padrón onde reside e ten o seu estudo até 2003. Na actualidade reside en Santiago de Compostela e ten o seu estudo no Milladoiro.

## NAS RÚAS

### **Un autor prolífico e cun traballo amplamente recoñecido**

A obra de Ramón Conde, con máis de trinta anos de traxectoria artística, é unha das máis coñecidas e valoradas da contemporaneidade plástica galega. Desde as súas primeiras exposicións individuais, realizadas na década dos setenta no Museo Arqueolóxico de Ourense, até 2007 Ramón Conde vén amosando o seu traballo nas principais salas de arte galegas, españolas e internacionais, destacando entre estas últimas as súas mostras no Consulado de España en Hannover, na Komunalte Gallery de Berlín e a súa exposición en Londres, no ano 2003. Actualmente está expoñendo até finais de xaneiro as súas pinturas e esculturas na sala Zeus de Zaragoza.

Especial atención merecen as propostas ao aire libre de Ramón Conde, exposicións como a de Ourense, na que tomou a cidade cos seus volumes no 2004, ou grupos escultóricos como *Os Redeiros* de Vigo; o *Alonso III de Fonseca*, en Santiago -talla da que está a realizar unha réplica para a entrega dos Premios Fonseca-; *A leiteira* de Ourense; *A pementeira* de Padrón; a figura de *Ánxel Fole* en Lugo; o *Macías o Namorado*, tamén en Padrón; e os máis recentes *Homenaje a Reverter y Coleman*, en Ourense; *Acarrexadora*, de Marín; ou *Arco de Triunfo. Monumento á fundación da cidade de Lugo*, que realizou Ramón Conde logo de ser escollida a súa proposta nun concurso nacional.

Ramón Conde está a piques de dar a coñecer a súa primeira colección de xoias de autor. .